

ANEXO III

Resumo do proxecto con finalidade divulgativa

1. Na oferta académica do Grao en Dereito da Facultade de Dereito da nosa Universidade figura como unha materia específica as Prácticas externas, tamén denominada **Prácticas curriculares**, que se imparte no cuarto curso durante o segundo cuatrimestre. A súa finalidade, tal e como se recolle na guía docente, é a de facilitar unha aproximación do alumnado ao mundo laboral a través da súa implicación nas actividades de entidades (públicas e privadas) que previamente teñen asinado un convenio coa propia Universidade. Deste xeito, poden coñecer unha realidade máis difícil de acadar nas clases teóricas ou mesmo interactivas.

2. A razón pola que se fai mención a esta concreta materia é polo feito de que **a única experiencia de aprendizaxe-servizo na Facultade de Dereito ten sido, polo de agora, precisamente nesta materia** de Prácticas externas (ou curriculares). É unha posibilidade máis entre os diversos destinos onde o alumnado pode realizar as súas prácticas. Aínda que está sometida ás mesmas normas, prazos e modo de cualificación, o certo é que existen **singularidades ou particularidades** no seu seguimento e na súa avaliación. E non so para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto, senón tamén polo que feito de que o aprendizaxe-servizo ten unha metodoloxía diferente á dunhas prácticas externas, na medida en que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun so proxecto, de modo que o alumnado complementa a súa formación xurídica práctica ao mesmo tempo que actúa activamente para mellorar as respostas que desde o ámbito concreto do Dereito poden darse a aquelas necesidades reais da súa contorna social. Noutras palabras, trátase dunha actividade formativa singular e propia, integrando o servizo de asesoramento xurídico á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partir dunha práctica reflexiva allea a criterios puramente economicistas e nutrida de educación en valores e compromiso social.

3. Esta iniciativa, a través da que pretendemos como docentes a implicación da Universidade na resolución de problemas reais sen ningún tipo de ánimo de lucro nin pautas de comportamento propios da competitividade, é **a continuación —mellorada e perfeccionada— dunha anterior que se puxo en marcha no curso académico 2017-2018**, logo da formalización do correspondente proxecto de colaboración entre a Universidade da Coruña e a entidade Caritas, e que resultou aprobada pola **Comisión de Valoración de Proxectos de Aprendizaxe-Servizo na súa reunión do día 4 de outubro de 2018**. Con todo, a Comisión en cuestión propuxo unha serie de melloras para proxectos futuros, que son as que tivemos en conta nesta edición e as que xustifican que falemos agora dunha iniciativa mellorada e perfeccionada, na medida en que **recollemos tales propostas da Comisión** traballando esencialmente sobre a necesidade de reforzarmos a idea de que non se trataba de facer unhas meras prácticas (isto é, apuntalar a consciencia de «estar facendo APS»), de atoparmos o equilibrio necesario «entre as aprendizaxes e o servizo» (mais sempre sobre a base de que estamos a aplicar a metodoloxía docente da aprendizaxe-servizo na prácticas curriculares ou externas), de logramos que a alumnado reflexione sobre «a metodoloxía utilizadas» (até o extremo de manter varias reunións co propio alumnado antes, durante e despois das catro semanas de actividades e cen horas de dedicación), de indicarmos con claridade os «resultados da aprendizaxe» (como se evidencia na guía docente), de concretarmos con precisión os «criterios de avaliación» (como se pode comprobar

tamén na guía docente, alén da información que formos dando nas distintas reunións mantidas co alumnado) e, por último, de detallarmos de forma reiterada a nosa propia implicación como docentes.

4. De todo isto e das melloras realizadas dan boa conta tanto a **guía docente da materia Prácticas externas** como na información que para tales efectos se contén na **propia páxina web da Facultade de Dereito**, que ofrece un apartado específico sobre Aprendizaxe Servizo-ApS.

https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=612&ensenyament=612G01&assignatura=612G01048&any_academic=2019_20&idioma=cast&idioma=cat: Guía docente.

<http://www.dereito.udc.es/aprendizaxe-servizo-aps>: Apartado específico sobre Aprendizaxe Servizo na web da Facultade de Dereito

5. A experiencia do curso académico 2018-2019, como antes de indicou, foi materializada de novo coa entidade **Cáritas**, ao abeiro sempre do convenio de colaboración formalizado coa Universidade da Coruña e vencellada a unha materia do currículo académico co fin de acadar determinadas competencias propias da nosa titulación do Grao en Dereito. Nesta experiencia, ademais de aumentar o número de prazas ofertadas a seis (na edición anterior foran catro), a entidade colaboradora permitiu ampliar o proxecto de Aprendizaxe-Servizo, de modo que se levou a cabo no seu Centro Fogar (3 estudantes), no seu Centro Violetas (1 estudante) e no seu Centro de Atención Cáritas Primaria (2 estudantes). A entidade designou os correspondentes titores profesionais, reconducidos en esencia á figura da persoa que asumía as funcións de asistente social. E pola súa banda, a Facultade de Dereito asignou as funcións de titores académicos a M^a. Carmen Garcimartín Montero, M^a. Rocio Quintáns Eiras, Xosé Manuel Carril Vázquez e Eloy Rodríguez Gayán.

6. As prácticas mediante a metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo **realizáronse do seguinte xeito**, despois de realizaranse encontros tanto cos titores profesionais como cos titores académicos.

Primeiro, os seis estudantes **fixeron unha intervención directa en familias en risco de exclusión social**, orientados sempre polos titores. Tiveron que analizar a situación real das persoas e as posibilidades de mellora en distintos campos, pero sempre desde a perspectiva xurídica. Para tales efectos, estudaron os requisitos esixidos para acceder ás axudas sociais de carácter local, autonómico ou estatal e ás prestacións que se axustaban ás necesidades detectadas; orientaron as familias para a solicitar as devanditas axudas e prestacións; remitíronas ás institucións e organismos competentes para atender as súas distintas necesidades; examinaron a situación xurídica doutros aspectos que puidesen resultar descoñecidos ou complicados para a unidade familiar (alugamentos, sucesións hereditarias, procedementos de incapacitación ou outros). A entidade —a través dos seus correspondentes centros— facilitoulles os datos das familias máis adecuadas para esta actividade. Loxicamente, nestes labores, ademais da orientación do titor profesional, a alumando estivo acompañado polo persoal dos propios centros.

E segundo, nos días acordados da semana con Cáritas, o alumnado **ofreceu asesoramento xurídico ao persoal usuario do centro** en todas aquelas cuestións que




lles suscitaban dúbidas ou dificultades xurídicas, axudándolles a resolvelas sempre que estivesen dentro das súas competencias e capacidades, sen prexuízo da súa remisión ao persoal especializado –de acordo co titor profesional– que se puidese ocupar de resolver a situación.

7. Cumpre salientar aquí que o propio alumnado, moi sensibilizado sobre as necesidades reais da contorna das súas actividades, chegou a adoptar **unha posición realmente activa co obxectivo de mellorar a complexa situación na que estaba implicado no seu proceso de aprendizaxe e de servizo a comunidade**. Alén da realización dos seus cometidos xurídicos e administrativos, a súa actividade formativa a través do servizo á comunidade deu lugar a propostas de actuacións moi concretas que implicaban adiantarse á resolución de problemas que logo podían darse. Entre outros, é o caso da elaboración de guías legais específicas en que, con toda a pedagogía necesaria para o caso, se informaban de dereitos e que se contiñan respostas a moitas dúbidas legais formuladas tanto polas persoas usuarias como polas persoas profesionais do centro.

8. Pode afirmarse que os **obxectivos** que se buscaban con esta experiencia foron acadados no nivel desexado. Así, en relación co alumnado, a experiencia, tal e como consta nas memorias presentadas, ofreceu unha experiencia práctica real, non meramente teórica, na área xurídica, que é a propia da súa formación. Ofrecendo un servizo desinteresado e con forte compromiso social á comunidade viron melloradas as súas fortalezas e as súas carencias, mais tamén con esta experiencia viron como se fortalecían as habilidades adquiridas durante os seus estudos de grao. E en relación coas familias e persoas necesitadas, esta experiencia de aprendizaxe-servizo supuxo unha innegable mellora das súas situacións, informando e orientando das axudas e programas ofrecidos por parte das entidades públicas competentes, até o punto de que, alén de permitir-lles clarificar a súa situación e facilitar-lles o acceso a tales axudas e programas de atención, as propias persoas afectadas chegaron a ter medios propios para saber encarar e xestionar a súa delicada situación, nun claro exemplo de empoderamento e autoxestión persoais.

9. Todo isto é doado de comprobar, tendo en conta que **o sistema de seguimento (ou avaliación, se se quer) evidencia o alto grao de satisfacción en todos os sentidos, mesmo do alumnado**, que chega a recoñecer o seu sentimento de benestar persoal por ter contribuído a axudar a persoas vulnerables desde o seu ámbito de formación xurídica. Os informes semanais (en que figuraban as actuacións realizadas, as melloras producidas como consecuencia da intervención, os procedementos realizados, a resolución das dificultades atopadas e os propios comentarios das persoas coordinadoras dos centros) e o informe final (en que se figura unha avaliación persoal do alumnado sobre en que medida puxo en práctica as aptitudes e os coñecementos adquiridos durante o grao, unha valoración de conxunto sobre a metodoloxía da aprendizaxe-servizo e mesmo unha reflexión crítica do Dereito como ferramenta para resolver problemas) non so actúan como criterios de seguimento ou de avaliación estritamente académica, senón tamén como evidencia clara e inequívoca da súa formación en valores como persoas sensibles e comprometidas con principios propios dunha convivencia máis xusta, humana, cooperativa e colaborativa.

10. Loxicamente, este resultados tan óptimos non deben impedir **seguir innovando o servizo** que se quere ofrecer á comunidade e ás persoas e familias que máis o necesitan



a través do marco académico que temos a nosa disposición. A experiencia foi positiva en todos os sentidos, mais tamén ten actuado como indicador de cuestións que, aplicadas, poden implicar unha clara e áxil resolución de problemas, pensando sempre nas persoas usuarias do servizo. As propias memorias finais do alumnado apuntan a elas, mais, talvez, non coa importancia que se merece. A experiencia fixo que o alumnado recorrese a elaboración de ferramentas de traballo (especialmente guías legais e cursos de información e formación), que na práctica supoñían adiantarse aos problemas, de modo que con elas os propios problemas non se producían.

11. En fin, a experiencia, que imos repetir no **curso académico 2019-2020**, vaise ver mellorada tamén ampliando a oferta do aprendizaxe-servizo a outras entidades que tamén traballan con colectivos e grupos de persoas vulnerables, atendendo a súa propia singularidade, reforzando ou dotándonos dun novo aparello orgánico-administrativo que permita prestar este servizo á comunidade tan necesario (por exemplo, entre outros, unha «clínica xurídica», seguindo o exemplo doutras universidades públicas) e do que xa se informará no seu debido momento.